Materia: Xeografía e Historia de Galicia 2º Bacharelato

1. Le o seguinte texto e resposta as preguntas plantexadas.

" (...) No mantemento da biodiversidade sen dubida o minifundio leva vantaxe. Neste sentido o valor das sebes e valados é indiscutible. Polo demais a diversificación e adaptación da producción minifundista ao terreo é moi superior á da agricultura "moderna". No sector profesionalizado predomina o monocultivo. Mais do 85 % das explotacións deste sector dedícanse só á gandería (vacas de leite e granívoros). Pola contra no sector minifundista predomina a diversificación productiva. Preto do 25% son explotacións que practican o policultivo e cultivos agrícolas diversos, outro 25 % practica gandería mixta e agricultura e outro 25 % dedicase á gandería de carne (vacas, ovellas,..)

O minifundio xoga un papel importante na conservación medio ambiental e dos solos. Hai uns días lin nun xornal como o director do CIAM de Mabegondo explicaba que grazas aos valados, a contaminación dos ríos por xurros non era maior. Despois da ultima vaga de incendios tentouse parar a erosión construíndo barreiras, é dicir reproducindo o sistema de valados, cómaros e gabias que o minifundio xerou ao longo de séculos.

En canto á seguridade alimentar hai que ter en conta que o menor uso de pesticidas e abonos químicos xera alimentos de maior calidade. Algún estudio aínda inédito vén confirmar que a diferenza desde o punto de vista medio ambiental entre a agricultura ecolóxica e a agricultura, chamémoslle tradicional e minifundista, é moi pouca. A sabedoría popular e a conservación das tradicións residen no sector minifundista. Alí seguen a practicar agricultura os labregos e labregas máis vellos coa súa sabedoría secular. Nela consérvanse, a piques de perderse, especies autóctonas que poden ter un enorme valor no futuro (froitas, productos da horta, cereais, etc). Do dito ate aquí, desde o meu punto de vista, podemos deducir que o minifundio é máis eficaz no cumprimento dalgún dos obxectivos que se lle asignan á agricultura neste século."

Xoán Carlos Carreira "O minifundio: ¿residuo do pasado ou proxecto do futuro?"

1. Por que modelo de agricultura aposta o autor do texto?
2. Cal é a túa valoración sobre as potencialidades do minifundio?
3. Consideras que en Galicia se dan as condicións para ter unha agricultura ecolóxica forte?